

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21 do CEIP de San Clodio (Ribas de Sil)

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado pola directora, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Ao inicio de curso citarase as familias do alumnado para unha reunión informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula e será recomendable para o alumnado de educación infantil.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL (4º, 5º e 6º EI)	4º (3 ANOS)	6
	5º (4 ANOS)	1
	6º (5 ANOS)	5
	TOTAL	12
EDUCACIÓN PRIMARIA	GRUPO 1 (1º e 2º EP)	7
	GRUPO 2 (3º e 4º EP)	10
	GRUPO 3 (5º e 6º EP)	13
	TOTAL	30

Total alumnado: 42 alumnos/as

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco

ENTRADA

As 9:40h abriremos a porta de entrada. As 9:50h cerraremos a porta da entrada.

O alumnado transportado (1º o transporte de Suso Bao e 2º o transporte Natalio) pode ir entrando ao colexio.

Acto seguido e cando o alumnado de EI transporte este dentro da súa aula, O alumnado de Educación Primaria poderá comezar a entrada.

A entrada do alumnado de Educación Primaria abarcará entre as 09.40h e as 09.50h.

O alumnado de Educación Infantil pode entrar a partir das 09.50h, agás o alumnado desta etapa transportado. O alumnado desta etapa poderá ser acompañado ata a zona da entrada cuberta. As 09.50h entrarán acompañados da directora até a clase, onde estará a titora esperandos na clase para comezar a desinfección.

Cando o alumnado entre no centro terá que realizar unha desinfección de pes e de mans con xel hidroalcohólico na entrada do centro. Posteriormente acudirán cada un a súa clase e alí estará o seu titor/a para realizar unha 2ª desinfección, se fose o caso.

Se o alumnado de Educación Primaria chega ao centro a partir das 09.50h terá que esperar na zona da rampa da entrada até que o alumnado de Educación Infantil na súa aula. En ese momento será responsabilidade da súa vixilancia o seu acompañante.

Estará prohibido acceder as instalacións do centro educativo antes da hora de apertura da porta principal, así como non se pode xogar nin facer agrupacións antes de acceder ao recinto escolar.

SAÍDA

As familias de EDUCACIÓN INFANTIL poden acceder ao recinto, as de EDUCACIÓN PRIMARIA non.

Na xornada de Setembro e Xuño (xornada única), o alumnado de **EDUCACIÓN INFANTIL sairá ás 13:45horas**, se acude a comer a casa. O profesorado acompañaraos ata a entrada do centro educativo.

O alumnado de **EDUCACIÓN PRIMARIA sairá en diferentes intervalos. O Grupo 1 (1º e 2º de EP) sairá ás 13:50 horas, o Grupo 2 (3º e 4º de EP) sairá as 13:55 horas e o Grupo 3 (5º e 6º de EP) sairá ás 14:00h**. O profesorado acompañarao ata a entrada do centro educativo.

Na xornada de Outubro a Maio (xornada partida), o alumnado de EDUCACIÓN INFANTIL e de EDUCACIÓN PRIMARIA se van comer a casa sairá as mesmas horas que na xornada única.

Volverán ao centro educativo para a docencia da 5ª sesión da seguinte maneira:

- Alumnado de Educación Infantil: 15.15h
- Alumnado do Grupo 1 (1º e 2º de EP): 15.20h
- Alumnado do Grupo 2 (3º e 4º de EP): 15.25h
- Alumnado do Grupo 3 (5º e 6º de EP):15.30h

A orde de saída da última hora será a seguinte:

- Alumnado de Educación Infantil: 16.00h
- Alumnado do Grupo 1 (1º e 2º de EP): 16.05h
- Alumnado do Grupo 2 (3º e 4º de EP): 16.10h
- Alumnado do Grupo 3 (5º e 6º de EP): 16.15h

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.

O grupo que este no pavillón sairá a hora indicada pero acompañado polo mestre/a de EF e dende o pavillón. Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.

O primeiro día de clase acudirán ao centro o alumnado de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria as horas anteriormente citadas e o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil, que seguirá as indicacións do período de adaptación realizadas pola súa titora.

2º DÍA: 11 DE SETEMBRO

Acudirá ao centro a totalidade do seu alumnado seguindo o protocolo anteriormente citado.

Nestas sesión o profesorado adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase os nenos e nenas poderán traer o material para este curso escolar, así como será entregado os libros do fondo libros de 4º a 6º de Educación Primaria.

Este curso, o alumnado de Educación Primaria so poderá deixar os libros e o material na clase de cada trimestre, ante a posibilidade dun novo confinamento. Ademais, é obrigatorio que tódolos días, deberán traer a máscara e un estoxo co nome, para traer a 2ª máscara. Este estoxo será o empregado no comedor, único momento da xornada no que poderán estar sen ela, para gardar a máscara.

RECREOS

O alumnado de Educación Primaria baixará na seguinte orde:

- Grupo 3 (5º e 6º de EP): 11.15h
- Grupo 2 (3º e 4º de EP): 11.20h
- Grupo 1 (1º e 2º de EP): 11.25h
- Grupo de Educación Infantil: 11.30h

A volta as aulas será tamén paulatina e seguindo o seguinte orde:

- Grupo 3 (5º e 6º de EP): 11.45h
- Grupo 2 (3º e 4º de EP): 11.50h
- Grupo 1 (1º e 2º de EP): 11.55h
- Grupo de Educación Infantil: 12.00h

A merenda será proporcionada para o alumnado de EP polo mestre/a que acompañe o alumnado ao patio, proporcionándolle un vaso de leite e unha froita que tomarán no patio. O alumnado de EI tomará a merenda na súa aula como é habitual estes últimos cursos escolares.

Durante Setembro e Xuño (que temos xornada partida) os horarios serán os seguintes:

- Grupo 3 (5º e 6º de EP): 11.40h
- Grupo 2 (3º e 4º de EP): 11.45h
- Grupo 1 (1º e 2º de EP): 11.50h
- Grupo de Educación Infantil: 11.50h

A volta as aulas será tamén paulatina e seguindo o seguinte orde:

- Grupo 3 (5º e 6º de EP): 12.10h
- Grupo 2 (3º e 4º de EP): 12.15h
- Grupo 1 (1º e 2º de EP): 12.20h
- Grupo de Educación Infantil: 12.20h

RECREOS DO COMEDOR

O alumnado usuario deste servizo sairá ao patio na seguinte orde:

- Grupo de Educación Infanti: 14.45h
- Grupo 1 (1º e 2º de EP): 14.50h
- Grupo 2 (3º e 4º de EP): 14.55h
- Grupo 3 (5ºe 6º de EP): 15.00h

Para entrar de novo ao centro educativo e ter a 5ª sesión será da seguinte maneira:

- Grupo de Educación Infanti: 15.15h
- Grupo 1 (1º e 2º de EP): 15.20h
- Grupo 2 (3º e 4º de EP): 15.25h
- Grupo 3 (5ºe 6º de EP): 15.30h

O alumnado que non fai uso deste servizo non poderá acudir ao centro escolar antes da hora prevista de entrada para o seu grupo.

ATENCIÓN DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa no horario de 10.00h a 10.30h de luns a venres.

Podedes solicitala a través do teléfono (982828219/20) ou do correo electrónico (ceip.sanclodio@edu.xunta.es).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O Servizo de Comedor funcionará durante todo o curso escolar entre as 13.45h e as 15.15h (abarcando o comedor e o seu posterior recreo) tal e como se relatou anteriormente.

ACTUACIÓNS DE LIMPEZA

A persoa de limpeza acudirá pola mañá para desinfectar os aseos de Educación Infantil e os aseos da 2ª planta de Educación Primaria.

PREVENCIÓN

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos e recomendable para o alumnado de EI.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

ACCIONS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIA OU, A DISTANCIA SE FOSE O CASO

Ao inicio de curso dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento a Aula Virtual de cada clase.

Propónse tamén a todo o profesorado o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia.

Na aula Abalar asignaráselle ordenadores ao alumnado que serán os que empreguen durante todo o curso para as actividades complementarias na aula do Grupo 3 (5º e 6º de EP). Para o resto do alumnado, e cando o docente o considere, estarán disponibles as tablets da biblioteca.

DIFUSIÓN DO PROGRAMA

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituales e da páxina web.